






Actualizado o Luns 6 de Xullo de 2015 ás 10:37

[Hemeroteca](#)

Buscar...

- 
- 
- 
- 
- 

[Portada](#) [Galicia](#) [Local](#) [Axenda Cultural](#) [Deportes](#) [Galicia exterior](#) [Sucesos](#) [Colaboracións](#) [Utilidades](#)

-  [Enviar a un amigo](#)
-  [Opinar](#)
-  [Imprimir](#)

Publicidade



## A Xunta reservará entre ata un 5 % de contratación pública aos centros especiais de emprego

PUBLICADO EN: [Noticias de Galicia](#) ▶ [Galicia](#) ▶ [Portada esquerda](#) ▼

A-  
A+



Beatriz Mato na xuntanza con Cegasal. Foto: C. Paz

A Xunta implementará por primeira vez a reserva con carácter obrigatorio por Lei de entre un 3 e 5 por cento de contratos públicos aos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. Este cupo de contratación será para aquelas obras e servizos susceptibles de ser realizables por un centro especial de emprego ou empresa de inserción laboral, tal e como o marco o artigo 26 da Lei de racionalización do sector público autonómico.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo hoxe en Santiago unha xuntanza coa xunta directiva da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e o seu presidente, José Antonio Vázquez, para comunicarlle este acordo de Goberno. A reserva, polo tanto, será para a contratación, entre outros, de obras e servizos de conservación e mantemento de bens inmobles; servizos de conserxaría, mensaxaría e correspondencia; servizos de xardinería e forestal; artes gráficas; labores de limpeza e lavandería; restauración; e fabricación de roupa de traballo.

Mato destacou que esta medida favorecerá o mantemento e mesmo ampliación dos preto de 2.000 postos de traballo de persoas con discapacidade e de persoas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social que traballan nos máis de 120 centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral de Galicia. Así mesmo, favorecerá a competitividade e produtividade deste tipo de empresas.

A titular de Benestar resaltou que o Goberno galego desenvolve esta iniciativa porque “estamos convencidos de que non hai outro instrumento tan poderoso para a inclusión como é o acceso a un posto de traballo e a súa permanencia no mesmo”.

Neste senso, Mato apuntou que a Consellería só en 2015 incrementou nun 2 por cento o orzamento dos programas de emprego para as persoas con discapacidade ata preto dos 18 millóns de euros. Aproximadamente, a metade está destinado aos centros especiais de emprego e permite subvencionar o posto laboral dos 2.000 traballadores e traballadoras con discapacidade.

Por último, Mato referiuse ao orzamento global da discapacidade que se incrementou en 2015 por segundo ano consecutivo, alcanzando en global a cifra de 100 millóns de euros. Isto supón un crecemento de preto do 9 por cento nos dos últimos anos.

“Con este acordo, a Xunta volve dar un paso máis no seu obxectivo de acadar unha sociedade inclusiva, xa que o acceso ao emprego é un elemento decisivo para a integración destes colectivos na economía e na sociedade”, rematou Mato.

Me gusta 0

Tweet 0

g+1 0



**chuz!**

3 de xullo de 2015 | 14:05 • [Sen comentarios](#)

Outras novas do día

- [Un motorista falece nunha caída na Laracha](#)
- [O vindeiro 8 de xullo remata o prazo de inscrición nas oposicións para cubrir 409 prazas na Xunta](#)
- [A DXT inicia unha campaña para controlar as condicións dos vehículos nas estradas galegas](#)
- [Un home resulta ferido tras saírse da vía o camión que conducía en Silleda](#)
- [Os concellos pontevedreses de Crecente e Arbo enterrarán ás dúas persoas atopadas mortas nun coche](#)

Deixa o teu comentario

Nome (requerido)

E-mail (non se publicará) (requerido)

O teu comentario









Enviar comentario

Publicidade





Publicidade


Utilidades

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 

**Tweets** Follow

 **Noticieirol Galego** 23h  
@noticieiro  
O vindeiro 8 de xullo remata o prazo de inscrición nas oposicións para cubrir 409 prazas na Xunta [goo.gl/nBnKOn](http://goo.gl/nBnKOn)  
Expand


 **Noticieirol Galego** 23h  
@noticieiro  
A DXT inicia unha campaña para controlar as condicións dos vehiculos nas estradas galegas [goo.gl/QWqMVx](http://goo.gl/QWqMVx)

 **Noticieirol Galego** 5 Jul  
@noticieiro  
Un home resulta ferido tras saírse da vía o camión que conducía en Silleda [goo.gl/ahNPIx](http://goo.gl/ahNPIx)


Tweet to @noticieiro



Publicidade



Publicidade



Grúas hidráulicas para tractor, camión y barcos,  
remolques forestales con o sin tracción  
mecánica o hidráulica

**GHF** Hijos de R. Fuerte, s.l.

Sigue as novas na nosa rede

----

- [Contacto](#) || [Aviso Legal](#) || [Privacidade](#) || [Accesibilidade](#) || [Política de Publicación](#)

Todos os dereitos reservados.

Queda terminantemente prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos ofrecidos a través de [noticieirogalego.com](http://www.noticieirogalego.com) salvo que o seu uso estea autorizado expresamente. Así mesmo, queda prohibida toda reprodución aos efectos do artigo 32.1, parágrafo segundo, Lei 23/2006 da Propiedade Intelectual